



CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2020

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 17 de xullo de 2020, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2020. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días hábiles. Transcorrido sen reclamacións o período de información pública, queda elevado automaticamente a definitivo de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicándose de seguido o resumo por capítulos do mesmo.

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1.	Gastos de persoal	851.465,74
2.	Gastos en bens correntes e servizos	2.138.335,84
3.	Gastos financeiros	2.500,00
4.	Transferencias correntes	163.410,00
	B) Operacións de capital	
6.	Investimentos reais	2.401.231,70
7.	Transferencias de capital	43.903,91
8.	Activos financeiros	0,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL GASTOS		5.600.847,19

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1.	Impostos directos	1.092.000,00
2.	Impostos indirectos	300.000,00
3.	Taxas e outros ingresos	467.000,00
4.	Transferencias correntes	1.854.805,60

5.	Ingresos patrimoniais	97.800,00
B) Operacións de capital		
6.	Alleamento de inversións reais	0,00
7.	Transferencias de capital	1.789.241,59
8.	Activos financeiros	0,00
9.	Pasivos financeiros	0,00
SUMA TOTAL INGRESOS		5.600.847,19

Publícase tamén o cadro de persoal desta Corporación, de acordo co preceptuado no art. 127 do RDL:

CADRO DO PERSOAL. EXERCICIO 2020

A) POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACION	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.-HABILITACION DE CARACTER ESTATAL			
1.1. Secretaria	1	0	A1
1.2. Interventora (agrupada con Outeiro de Rei)	1	0	A1
2.-ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL			
Administrativos	1	(func. Interina)	C1
Auxiliares administrativos	2	0	C2
Alguacil- Portera	1	0	E
Auxiliar Biblioteca, arquivo e documentación Biblioteca	1	(func. Interina)	C2
3.-ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL SUBESCALA TÉCNICA			
Técnico superior	1	(func. Interina)	A1

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Castro de Rei, 24 de agosto de 2020.- Alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1930

GUITIRIZ

Anuncio

Convocatoria para a actualización da 2ª bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar, anos 2020-2022. Expte. 1042/2019.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Guitiriz de data 20/08/2020 aprobáronse as bases e convocatoria para a actualización da 2ª bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar, anos 2020-2022.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases desta convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>).

Guitiriaz, 21 de agosto de 2020.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1931

*Anuncio***Convocatoria para a selección de persoal funcionario interino para o posto de traballo de conserxe de colexio ou instalacións municipais. Expte. 861/2019.**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Guitiriz de data 13/08/2020 aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a selección de funcionario interino para o posto de traballo de conserxe de colexio ou instalacións municipais.

O prazo de presentación de instancias será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases desta convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>).

Guitiriaz, 21 de agosto de 2020.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1932

GUNTÍN*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de 18 de agosto de 2020, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao segundo bimestre do ano 2019.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 18 de agosto de 2020 ata o 17 de outubro de 2020. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 18 de agosto de 2020.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1933

LUGO

*Anuncio***DECRETO Nº 4379/2020 DO 31/07/2020**

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2018), e tendo en conta a proposta da Vicesecretaría de data 30 de xullo de 2020, do seguinte teor literal:

“ASUNTO: LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, EN QUENDA LIBRE (OPE 2018)

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2018) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día once de decembro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros o acordo 15/798 **APROBACIÓN DAS BASES PARA A COBERTURA, EN PROPIEDAD, DUNHA PRAZA DE DIRECTOR DA BANDA DE MÚSICA**

- Polo Decreto número 20000301 DO 14/01/2020 reolveuse convocar o proceso selectivo o proceso selectivo para o acceso como funcionario de carreira e quenda libre, a UNHA PRAZA DE DIRECTOR DA BANDA DE MÚSICA, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 15/798 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 11.12.2019

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 28, do 4 de febreiro de 2020, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 40, de 28 de febreiro de 2020. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 82 do 25 de marzo de 2020.

- Polo Decreto Nº: 1912/2020 do 26/03/2020 resolveuse publicar na páxina web do Concello de Lugo a suspensión automática de todos os procesos selectivos en tramitación, reanudándose o prazo unha vez levantado o estado de alarma.

- Polo Decreto Nº: 2974/2020 do 04/06/2020 resolveuse publicar na páxina web do Concello de Lugo o levantamento da suspensión acordada polo Real Decreto 463/2020 do 15 de marzo, de todos os procesos selectivos en tramitación, reanudándose o prazo dende o 1 de xuño, inclusive.

- Con data do 29 de xuño de 2020 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día oito de xullo de dous mil vinte, adoptou o acordo 12/289 **PROPOSTA DOS MEMBROS DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA, OPOSICIÓN LIBRE.**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 **APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, figurando no seu ARTIGO 4. **NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN**, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, propónse á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos a adopción da seguinte **RESOLUCIÓN**:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 20000301 DO 14/01/2020, para acceso en propiedade a unha praza de DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2018) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo 15/798 adoptado na súa sesión do 11.12.2019 así como polas BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE ADMITIDOS/AS:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
BLESA LULL, JOSE IGNACIO	*912P
FERNANDEZ NAVEIRA, JESUS	*204T
FIUZA SOUTO, DAVID	*252Y
GOMEZ NAVAL, MATEO	*460V
LLANO DIAZ, DAVID	*852M
RUBIO MOLINA, ISABEL MARIA	*918H
SERANS OLVEIRA, XOSE CARLOS	*333J

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
PAILOS NUÑEZ, HUMBERTO	*225V	Non aportar copia auténtica do DNI, nin copia auténtica da titulación esixida nin o xustificante de aboamento de taxas.

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2020, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Director/a da Banda de Música; estará constituído do seguinte xeito:

Presidente: Don Iván Rodríguez Armán, Director da Banda Militar de A Coruña.

Suplente: Don Juan Luis Costas Martínez, Director da Banda Militar de Marín.

Vogais:

1.- Don Luis García Cortiñas, Director da Banda Militar de Ferrol "Tercio Norte".

Suplente: Don Julio César Ruíz Salamanca, Director da Banda Militar de León.

2.- Don Fernando López Briones, Profesor de Dirección no Conservatorio Superior de Música de A Coruña dende o curso 2014 ao 2019 e Director do Coro e Orquesta Gaos.

Suplente: Don Antonio Facal Rivas, Funcionario do Corpo de Profesores de música e artes escénicas. Profesor do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

3.- Don Diego Segade Blanco, Catedrático do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Suplente: Dona Olga Dourado González, Secretaria-Interventora do Consorcio para Promoción da Música do Concello de A Coruña.

Secretaria: D^a. María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: Don Ráfael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE**:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 20000301 DO 14/01/2020, para acceso en propiedade a unha praza de DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2018) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo 15/798 adoptado na súa sesión do 11.12.2019 así como polas BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE ADMITIDOS/AS:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
BLESA LULL, JOSE IGNACIO	*912P
FERNANDEZ NAVEIRA, JESUS	*204T
FIUZA SOUTO, DAVID	*252Y
GOMEZ NAVAL, MATEO	*460V
LLANO DIAZ, DAVID	*852M
RUBIO MOLINA, ISABEL MARIA	*918H
SERANS OLVEIRA, XOSE CARLOS	*333J

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
PAILOS NUÑEZ, HUMBERTO	*225V	Non aportar copia auténtica do DNI, nin copia auténtica da titulación esixida nin o xustificante de aboamento de taxas.

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 8 de xullo de 2020, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Director/a da Banda de Música; estará constituído do seguinte xeito:

Presidente: Don Iván Rodríguez Armán, Director da Banda Militar de A Coruña.

Suplente: Don Juan Luis Costas Martínez, Director da Banda Militar de Marín.

Vogais:

1.- Don Luis García Cortiñas, Director da Banda Militar de Ferrol "Tercio Norte".

Suplente: Don Julio César Ruíz Salamanca, Director da Banda Militar de León.

2.- Don Fernando López Briones, Profesor de Dirección no Conservatorio Superior de Música de A Coruña dende o curso 2014 ao 2019 e Director do Coro e Orquesta Gaos.

Suplente: Don Antonio Facal Rivas, Funcionario do Corpo de Profesores de música e artes escénicas. Profesor do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

3.- Don Diego Segade Blanco, Catedrático do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Suplente: Dona Olga Dourado González, Secretaria-Interventora do Consorcio para Promoción da Música do Concello de A Coruña.

Secretaria: D^a. María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: Don Ráfael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

*Anuncio***DECRETO Nº 4700/2020 DO 24/08/2020**

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016), convocado polo Decreto número número 19005018 do 06/06/2019 e tendo en conta a proposta asinada pola Técnico Medio de Xestión do Servizo de Persoal o 21 de agosto de 2020, do seguinte teor literal:

“ASUNTO: LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2016)

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- Polo Decreto número 19005018 DO 06/06/2019 se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo nº 10/325 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes. O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 148 do 29 de xuño de 2019, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 157, de 21 de agosto de 2019. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 232 do 26 de septiembre de 2019.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día quince de xaneiro de dous mil vinte, adoptou o acordo 3/6 DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte, adoptou o acordo 11/37 PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE RECUSACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día un de xullo de dous mil vinte, adoptou o acordo 13/276 ACEPTACIÓN DA RENUNCIA E NOVO NOMEAMENTO COMO VOGAL DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, POLO SISTEMA DE PROMOCION INTERNA

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil vinte, adoptou o acordo 19/341 RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE RECUSACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NOMEADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15 DE XANEIRO DO 2020, APROBATORIO DA DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil vinte, adoptou o acordo 18/340 DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Noviembre de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de

acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

- Con data do 27/09/2019, D. Alberto Cardama Cid (DNI *846S) presentou unha solicitude de participación no mencionado proceso selectivo.

D. Alberto Cardama Cid é funcionario de carreira do Concello de Lugo, coa categoría de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas (Grupo A:Subgrupo A2; Escala: Administración especial; Subescala: Técnica; Clase: Técnico Medio) cunha antigüidade superior a dous anos, cumprindo os requisitos esixidos para o acceso, por promoción interna, a unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños.

- Con data do 16/10/2019, D. José Luis Díaz Alvaredo (DNI *310D) presentou unha solicitude de participación no mencionado proceso selectivo, non cumprindo os requisitos esixidos por non ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, proponse á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos a adopción da seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19005018 do 06/06/2019, se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo 10/325 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes.

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
CARDAMA CID, ALBERTO	*864S

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
DIAZ ALVAREDO, JOSE LUIS	*310D	Non ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade (base 4º.b)

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2020, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños, en quenda de promoción interna; estará constituído do seguinte xeito:

Presidente: D. Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: D. José María González Rodríguez, Xefe de Servizo de Urbanismo do Excmo Concello de Lugo.

Vogais:

1.- D^a Carlota Pita Pita, Enxeñeira de Camiños do Concello de Arteixo.

Suplente: D^a. Ana Isabel Sáez Mancebo, Técnica do Excmo. Concello de Lugo.

2.- D. José Antonio Mondelo Rodríguez, Enxeñeiro de Camiños da Excmo. Deputación de Lugo.

Suplente: D. Miguel Ángel Negral Fernández, Enxeñeiro de Montes do Excmo. Concello de Lugo.

3.- D. Ricardo Babío Arcay, Enxeñeiro de Camiños da Demarcación de Costas do Estado de Galicia (MITECO).

Suplente: D^a. Patricia Vázquez Mille, Xefa do Servizo de Urbanismo da Delegación Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Lugo.

Secretaria: D Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo

Suplente: D^a. María García Ferro, Vicesecretaria do Excmo. Concello de Lugo.

OBSERVADORA: María Baza Poudereux, Xefa de Servizo de Intervención do Excmo Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19005018 do 06/06/2019, para o acceso en propiedade a unha praza de ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexe polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo 10/325 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes.

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
CARDAMA CID, ALBERTO	*864S

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
DIAZ ALVAREDO, JOSE LUIS	*310D	Non ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade (base 4º.b)

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2020, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños, en quenda de promoción interna; estará constituído do seguinte xeito:

Presidente: D. Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: D. José María González Rodríguez, Xefe de Servizo de Urbanismo do Excmo Concello de Lugo.

Vogais:

1.- D^a Carlota Pita Pita, Enxeñeira de Camiños do Concello de Arteixo.

Suplente: D^a. Ana Isabel Sáez Mancebo, Técnica do Excmo. Concello de Lugo.

2.- D. José Antonio Mondelo Rodríguez, Enxeñeiro de Camiños da Excm. Deputación de Lugo.

Suplente: D. Miguel Ángel Negral Fernández, Enxeñeiro de Montes do Excmo. Concello de Lugo.

3.- D. Ricardo Babío Arcay, Enxeñeiro de Camiños da Demarcación de Costas do Estado de Galicia (MITECO).

Suplente: D^a. Patricia Vázquez Mille, Xefa do Servizo de Urbanismo da Delegación Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Lugo.

Secretaría: D Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo

Suplente: D^a. María García Ferro, Vicesecretaria do Excmo. Concello de Lugo.

OBSERVADORA: María Baza Poudereux, Xefa de Servizo de Intervención do Excmo Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SAMOS*Anuncio***APROBACION PLAN ECONOMICO-FINANCIERO PARA O PERIODO 2020-2021**

En cumprimento do establecido no artigo 23.4 da lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera, en relación co establecido no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público que o Pleno Municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 07 de agosto de 2020, aprobou un plan económico financeiro en cumprimento do establecido no artigo 21 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera, como consecuencia do incumprimento da regra de gasto constatado na liquidación do exercicio 2019, o que se somete a información pública con finalidade exclusivamente informativa.

Samos, 11 de agosto de 2020.- O Alcalde, José Antonio García Jurjo.

R. 1937

O SAVIÑO*Anuncio***BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE CHOFER DE TRACTOR DESBROZADORA, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO COS CONCELLOS 2020 (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).****PRIMEIRO. Normas Xerais**

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante concurso- oposición de un posto de chofer de tractor desbrozadora, en réxime laboral. O persoal encargado do manexo do tractor desbrozadora de brazo hidráulico realizará labores tratamento silvícolas de carácter preventivo e de xeito mecanizado en áreas cortalumes, vías, camiños e pistas forestais de titularidade municipal e nas súas faixas de xestión de biomasa ou en superficies sobre as que o concello teña a cesión de aproveitamento.

SEGUNDO. Modalidade do Contrato

A modalidade do contrato será laboral temporal cunha duración de doce meses, a xornada completa, ao abeiro do disposto na normativa vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do contrato.

TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desempeño do traballo ao que se opta acreditándose a mesma mediante certificado médico.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.
- f) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B
- g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Se non se pode acreditar este

requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula sétima

h) Deberán atoparse en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixirán ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de O Saviñao, presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **sete días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases das probas selectivas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- ✓ Solicitude de participación do Anexo I das bases.
- ✓ Fotocopia do NIF ou, no seu caso, pasaporte.
- ✓ Carnet de conducir tipo B
- ✓ Certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- ✓ Celga 2
- ✓ Tarxeta de demandante de emprego
- ✓ Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.

QUINTO. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de cinco días naturais, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de dous días hábiles para emenda. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

SEXTO. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Os Tribunais cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario [o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue].
- Vogais que determine a convocatoria

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso- oposición.

FASE DE CONCURSO:

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

Méritos computables:**a) Experiencia:**

1.- Experiencia profesional en postos de traballo de condutor de tractor desbrozadora. **Ata un máximo de 3 puntos**

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de condutor tractor desbrozadora: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de condutor tractor desbrozadora mediante relación laboral: 0,10 puntos.

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

b) Formación:

1- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas . **Ata un máximo de 1 punto**, de acordo coa seguinte escala :

a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .

b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .

c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .

d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas .

d) Entrevista curricular. Ata un máximo de 2 puntos .

FASE DE OPOSICIÓN

Ata un **máximo de 6 puntos**.

Exercicio escrito: Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test de 10 preguntas nun tempo máximo de media hora, proposto polo tribunal relacionados co programa recollido no anexo I. Será preciso acadar 3 puntos para superar esta proba.

Proba de galego: será obrigatorio a superación dun segundo exercizo oral, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do Celga 2.

OITAVO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Si se producise algunha vacante nos postos ofertados durante a vixencia dos contratos, serán chamados por orde de puntuación.

Os aspirantes propostos achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados, os documentos seguintes :

- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

- Certificado médico oficial.

- Certificado de titularidade da conta bancaria

- Fotocopia da tarxeta da seguridade social .

NOVENO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial de Galicia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

O Saviñao, 24 de agosto de 2020.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

ANEXO I
